



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia interna da lingua galega

Materia	Historia interna da lingua galega			
Código	V01G400V01906			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Rodríguez Guerra, Alexandre			
Profesorado	Rodríguez Guerra, Alexandre			
Correo-e	xandre@uvigo.gal			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	Percorrido sistemático polos principais cambios lingüísticos (fonético-fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos) que levaron do latín ó galego.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarios.
B9	Posuír as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
C2	Coñecemento da gramática das linguas galega, española e portuguesa.
C5	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística.
C12	Coñecemento da evolución histórica interna e externa do galego.
D1	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
D2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
D3	Coñecementos xerais sobre a área de estudo (lingüística, linguas galega, española, portuguesa, latina, literaturas, tecnoloxías, estudos culturais)
D6	Capacidade de xestionar a información.
D8	Habilidade para traballar de forma autónoma.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Coñecemento dos principais cambios lingüísticos (fonolóxicos, morfosintácticos e léxicos) que caracterizaron a lingua galega ao longo dos séculos.

A1 B1 C2 D1
 A2 B2 C5 D2
 A5 B2 C12 D3
 B7 D6
 B9 D8
 B11
 B12
 B13
 B15
 B16
 B25
 B26

Contidos

Tema	
1. Principais cambios fonético-fonolóxicos no paso do latín ó galego	1.1. Introducción 1.2. O sistema vocálico 1.3. O sistema consonántico
2. Principais cambios morfolóxicos do latín ó galego	2.1. Formas léxicas (eido nominal e verbal) 2.2. Formas gramaticais
3. Da sintaxe latina á galega	3.1. Orde de constituíntes funcionais 3.2. Esquemas e funcións sintácticas oracionais
4. O léxico	4.1. Historia do léxico galego 4.2. A formación de palabras no galego medieval

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	22	10	32
Resolución de problemas	18	10	28
Resolución de problemas e/ou exercicios	3	45	48
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	37	39
Observación sistemática	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Desenvólvense o primeiro día de aulas e, nelas, realízase un percorrido explicativo polos eixes sobre os que pivotará o curso. Entregarase un cronograma xeral da materia. O ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL tamén pode asistir a esta sesión. En todo caso o docente faralle chegar o cronograma xeral da materia.
Lección maxistral	Nestas aulas o docente exporá os contidos da materia, bases teóricas e lecturas relacionadas con elas, directrices ou explicacións a partir dos exercicios prácticos. Aconséllase vivamente levar os contidos da materia ó día. O ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL disporá na plataforma Moovi dos materiais necesarios para preparar todos os contidos que se desenvolvan. Empregaranse, fundamentalmente, ficheiros en formato pdf, alén da consulta directa das fontes bibliográficas recomendadas.
Resolución de problemas	Actividades en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados cos contidos da materia. Empregaranse como complemento da lección maxistral. Nalgunha ocasión pódense entregar anticipadamente para que os/as estudantes os poidan preparar con certo adianto e, mesmo, para que poidan realizar unha pequena exposición na aula. O ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL disporá na plataforma Moovi das prácticas/problemas, que deberá entregar no prazo que se marque. Despois, o profesor, en función da natureza do exercicio, devolveraas corrixidos, fornecerá un solucionario de autocomprobación ou fixará unha titoría para explicalos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Resolución de problemas	Alén das indicacións do comezo do curso, ó longo das semanas atenderanse as consultas individuais que haxa sobre a elaboración dalgunhas prácticas concretas. O ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL poderá realizar as consultas a través da plataforma Moovi, do correo electrónico ou nalgunha titoría. Se a cantidade de estudantes semipresenciais así o aconsellar, poderase realizar algunha titoría en grupo, tipo seminario.
-------------------------	---

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Resolución de problemas	Ó longo do cuadrimestre o docente especificará as actividades prácticas e de resolución de problemas que serán avaliábeis (tamén algunha presentación). É preciso que se respecten os prazos de entrega. Para o ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL esta epígrafe alcanza un 25% da cualificación final, por iso deberá levar a cabo algunha práctica avaliábeis a maiores ou realizar máis exhaustivamente algunha das que se propoñan (sempre seguindo as indicacións do docente).	20	A1 A2 A5	B1 B7 C12	C2 C5 D3	D1 D2 D3 D6 D8
Resolución de problemas e/ou exercicios	O estudantado de avaliación continua (tanto presencial coma SEMIPRESENCIAL) realizará cando menos dúas probas escritas sobre fonética/fonoloxía -sempre presenciais na FFT- segundo se vaian desenvolvendo ó longo do curso os contidos teórico-prácticos.	40	A1 A2 A5	B1 B2 B7	C2 C5 C12	D1 D2 D3 D6 D8
Exame de preguntas de desenvolvemento	O estudantado de avaliación continua (tanto presencial coma SEMIPRESENCIAL) realizará un exame escrito -sempre presencial- na data oficial proposta no calendario da FFT (para calquera das dúas edicións das actas) sobre os contidos teórico-prácticos da materia non avaliados ó longo do cuadrimestre na(s) proba(s) de resolución de problemas e exercicios (na mesma data para todo o estudantado de avaliación continua). Se a marcha do curso o aconsellase, poderíase adiantar durante o cuadrimestre algún(s) exame(s) parcia(l)is).	35	A1 A2 A5	B1 B2 B7	C2 C5 C12	D1 D2 D3 D6 D8
Observación sistemática	Valorarase a asistencia regular cunha participación activa nas prácticas e mais nas aulas maxistras. Para o ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL este 5% da nota sumarase na metodoloxía "Resolución de problemas".	5		B1	C2	D1 D2 D3

Outros comentarios sobre a Avaliación

Por defecto, enténdese que o estudantado opta por un sistema de avaliación continua; se así non for, deberá comunicar nas dúas primeiras semanas do curso a súa intención de se presentar á avaliación única permitida pola Universidade de Vigo.

-Avaliación continua (para quen (a) asista regularmente ás aulas presenciais e (b) entregue as tarefas respectando os prazos e as indicacións do profesor -(a) e (b) para o estudantado presencial e só (b) para o SEMIPRESENCIAL-): para poder facer a media final ponderada, haberá que superar as dúas grandes probas escritas (exame(s) e resolución de problemas/exercicios) e prácticas (ou resolución de problemas, presentacións) avaliábeis. Todas as prácticas, actividades e presentacións solicitados polo docente teñen que se entregar/realizar, para poder ser avaliados, nos prazos marcados. Aquelas probas que non se superen na primeira edición das actas (xaneiro) deberanse recuperar na segunda edición das actas (xuño/xullo), co límite de entrega situado na data fixada pola FFT para o exame. Se por causa xustificada algún/ha estudante non pode cumprir co requisito (a), deberallo comunicar ó docente, para poder aplicar un tratamento similar ó da semipresencialidade.

-Avaliación única (admitida pola Universidade de Vigo): poderase superar a materia, en calquera das dúas edicións de actas (xaneiro e xuño/xullo), a través de dúas probas finais escritas de todos os contidos teóricos e prácticos da materia [40%+35%] (que se realizarán nas datas fixadas pola FFT no seu calendario oficial) e mais dun traballo (seguindo as indicacións do docente) [25%]. Cómpre superar tanto as dúas probas coma o traballo (en cada unha das convocatorias) para poder aprobar a materia. Aínda que se opte por un sistema de avaliación única aconséllase a asistencia ás aulas.

A copia ou o plaxio, total ou parcial, será avaliado cun cero na proba (práctica ou exame) en que se detecte. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma Moovi (novidades, documentos,

calificacións) e estar ó tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas e exames.

Todas as consultas realizadas por correo electrónico serán atendidas no horario de titorías.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- Ferreiro, M., **Gramática histórica galega. I. Fonética e morfosintaxe. II. Lexicoloxía**, 4ª / 2ª, Laiovento, 1999 / 2001
- González Seoane, E. (dir.) et alii, **Diccionario de diccionarios do galego medieval**, Univ. de Santiago de Compostela, 2006
- Larson, Pär, **A lingua das cantigas: gramática do galego-portugués**, Galaxia, 2019
- Mariño Paz, R., **Historia da lingua galega**, 2ª, Sotelo Blanco, 1999
- Mariño Paz, R., **Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega**, Xerais, 2017
- Mariño Paz, R., **Historical Phonetics and Phonology**, De Gruyter, (No prelo)
- Mariño Paz, R. e X. Varela Barreiro (eds.), **Lingüística histórica e edición de textos galegos medievais**, Universidade de Santiago de Compostela, 2015
- Mattos e Silva, R. V., **O português arcaico: uma aproximação. Vol. I (léxico e morfologia) e Vol. II (sintaxe e fonologia)**, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 2008
- Varela Barreiro, X. e R. Pichel, **Panorama actual da lingüística histórica galega**, 2017
- Venâncio, F., **Así naceu unha lingua. Sobre as orixes do portugués**, Galaxia, 2021

Bibliografía Complementaria

- Corominas, J. e J. A. Pascual, **Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico**, Gredos, 1980-1991
- García de Diego, V., **Elementos de gramática histórica gallega (Fonética-Morfología)**, Reed. facsimilar, Univ. de Santiago de Compostela, 1984 [1909]
- García Gondar, F. (dir., deseño e creación), **BILEGA, Bibliografía informatizada da lingua galega**, Centro de Investigacións Ramón Piñeiro,
- López Viñas, X., **A formación de palabras no galego medieval: a afixación**, Tese de Doutoramento, Universidade da Coruña, 2012
- Pinkster, H., **The Oxford Latin Syntax. Vol. I (The Simple Clause) e Vol. II (The Complex Sentence and Discourse)**, Oxford University Press, 2015 e 2021
- Rodríguez Guerra, A. (ed.), **Lingüística histórica e dialectoloxía: coordenadas do cambio lingüístico**, Universidade de Vigo, 2016
- Rodríguez Guerra, A. e X. B. Arias Freixedo (eds.), **The Vindel Parchment and Martin Codax / O Pergamiño Vindel e Martin Codax. The Golden Age of Medieval Galician Poetry / O esplendor da poesía galega medieval**, John Benjamins Publishing Company, 2018

Na aula fornecerase outras referencias bibliográficas máis específicas. Aconséllase a consulta directa, a través da biblioteca, das fontes bibliográficas.

Recomendacións